

CIRCULAR POLA QUE SE MODIFICA O PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA CIRCULAR NA QUE SE ESTABLECEN AS BASES DA XESTIÓN DO PLAN DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E DE INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2021, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

N.º: TT3/2021

A Circular do 15 de xullo de 2021 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria contén as instrucións referidas a todas as cuestións de orde administrativo e económico que son de obrigado cumprimento por parte das unidades ou entidades con accións aprobadas para que se poida desenvolver as ditas accións e efectuar os pagos dos gastos aprobados para as mesmas. De este modo, a circular establece que o prazo para a xustificación económica e técnica das actividades e o envío ao Departamento de Investigación e Transferencia será ata o 30 de novembro de 2021, e que a tramitación contable dos pagamentos das accións iniciárase unha vez recibida toda a documentación acreditativa da súa correcta execución.

Por motivos da acumulación de actividades durante o mes de novembro e para poder cumprir cos obxectivos deste plan de transferencia é necesario realizar as seguintes modificacións na Circular pola que se establecen as bases da xestión do plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, quedando o punto 11 redactado do seguinte modo:

“O prazo para o envío e xustificación das accións realizadas será ata o 15 de decembro de 2021.

A tramitación contable dos pagamentos das accións iniciárase unha vez recibida toda a documentación acreditativa da súa correcta execución”.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

José Luis Cabarcos Corral

